CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA INDUSTRIA INTELIXENTE EI3 NO PERÍODO 2026-2029, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NUN 60% DO GASTO ELIXIBLE A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Na data da sinatura dixital

COMPARECEN

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confiren o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

D. Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, nomeado polo Decreto 1/2004, do 11 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro), no uso das competencias que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 126 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 207, do 27 de outubro).

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO**.** A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

SEGUNDO**.** A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO**.** A Universidade da Coruña é unha institución pública, dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía con ese fin, no marco da Constitución e das leis.

Realiza actividades de docencia, de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e de transferencia do coñecemento, o que a configura, xunto coas demais universidades do SUG, como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

CUARTO**.** A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sustentabilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico facer máis visible e accesible a oferta de coñecemento e facilitar a transferencia ao conxunto do tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), integrándose, polo tanto, no programa Integra da RIS3 de Galicia 2021-2027 e no programa Coñecemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

QUINTO. As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea nun 60% do gasto elixible co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a través do Programa de Galicia FEDER 2021-2027, computándose como cofinanciamento nacional polo 40% restante, a contribución pública aportada pola Universidade da Coruña (UDC), abarcando a súa execución as anualidades de 2026, 2027, 2028 e 2029.

A Secretaría Xeral de Universidades é organismo xestor no marco do Programa de Galicia FEDER 2021-2027 e, como tal, ten asignada unha senda financeira de axuda FEDER a executar en distintos obxectivos específicos, e considérase

Beneficiario a efectos do Programa de Galicia FEDER 2021-2027.

As actuacións obxecto deste convenio encádranse no tipo de acción 1.1.01. "Mellora das capacidades dos centros de I+D+i", obxectivo específico RSO1.1 "Desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar tecnoloxías avanzadas", prioridade P1A "Transición dixital e intelixente", obxectivo político 1 "Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional as tecnoloxías da información e das comunicacións", dentro do Programa de Galicia FEDER 2021-2027.

O ámbito de intervención asociado a este proxecto é o 004: Investimento en activos fixos, incluídas as infraestruturas de investigación, en centros públicos de investigación e na ensinanza superior directamente vinculada a actividade de investigación e innovación.

SEXTO**.** As actuacións contempladas no presente acordo axustaranse en todo momento ao establecido no Programa Galicia Feder 2021 2027 e á normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regulamenta este tipo de investimentos, concretamente:

1) Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados; así como a súa normativa de desenvolvemento e execución (en diante RDC).

2) Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión; así como a súa normativa de desenvolvemento e execución.

3) Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo de Transición Xusta

para o período 2021-2027.

4) Ademais, será de aplicación toda a normativa de desenvolvemento que aproben as instancias comunitarias, así como a normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación, en particular, en materia de contratación pública, de accesibilidade para persoas con discapacidade e cumprimento da normativa ambiental, incluído o principio DNSH. En todo caso, adoptaranse as medidas necesarias para evitar o dobre financiamento do mesmo custo, en particular por parte do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), o Programa Plurirrexional Feder ou outros instrumentos de financiamento da Unión Europea.

SÉTIMO**.** Así mesmo, no marco do Plan de infraestrutura universitario, contémplanse diversas actuacións necesarias para a mellora da actividade docente e investigadora desenvolvida polas institucións universitarias.

No marco deste plan, as entregas dinerarias á UDC previstas nos anos 2025 e 2026 contribuirán ao financiamento do 40% do proxecto do Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente EI3, correspondéndolle á Universidade da Coruña garantir a adecuada coordinación e acompasamento deste cofinanciamento cos fondos europeos FEDER, de conformidade coa normativa europea e coas condicións de xestión, execución, seguimento e xustificación aplicables a estes fondos.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio para o período 2026-2029, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña, para o desenvolvemento do Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente EI3, situado na parcela con referencia catastral 2849201NJ6125S0001RH, no período 2026-2029, cofinanciado nun 60% do gasto elixible pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

SEGUNDA. Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración para levar a cabo actuacións relacionadas coas seguintes infraestruturas singulares da Universidade da Coruña:

Campus Ferrol

- Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente EI3

Trátase dunha infraestrutura singular no eido da enxeñaría industrial e naval que contará co equipamento singular necesario e permitirá a creación dun polo de innovación de fabricación aditiva da Industria 4.0 capaz de desenvolver proxectos estratéxicos e tractores no eido da enxeñaría, a innovación e o deseño.

A actuación comprende a execución dun edificio de nova planta, integrado na trama urbana e no Campus Universitario de Esteiro, concibido como un espazo de referencia para o desenvolvemento da investigación científico-tecnolóxica e a innovación, favorecendo a interacción entre a universidade, as empresas e a sociedade. A edificación está deseñada para funcionar como elemento vertebrador entre o campus universitario e a cidade, configurándose como un acceso principal ao campus e contribuíndo á súa integración co contorno urbano.

A parcela é un trapecio rectangular de 67,94 e 54,85m nos lados longos, 24,00 no lado rectangular e 27,31 m no lado curto. Limita ao norte coa Avenida de Esteiro, ao sur coa rúa Naturista López Seoane, ao oeste coa zona 8B e ao leste coa Avenida de Vigo.

O edificio contará con espazos flexibles, modulares e multifuncionais destinados á investigación, á docencia, á transferencia de coñecemento, ao desenvolvemento de proxectos colaborativos e á prestación de servizos de

apoio á innovación, así como con zonas de uso común orientadas a favorecer a colaboración interdisciplinaria, a interacción entre persoal investigador, estudantes, empresas e outros axentes do ecosistema de I+D+i, e a realización de actividades de divulgación e innovación abertas á sociedade.

Así mesmo, o deseño da infraestrutura incorpora criterios de sustentabilidade ambiental, eficiencia enerxética, accesibilidade universal, seguridade, saúde e benestar das persoas usuarias, así como solucións construtivas que garanten a flexibilidade funcional dos espazos e a súa capacidade de adaptación ás necesidades futuras da actividade investigadora e innovadora.

Mediante esta actuación preténdese dotar ao Sistema Universitario de Galicia dunha infraestrutura científico-tecnolóxica singular que permita reforzar as capacidades de investigación e innovación da Universidade da Coruña, impulsar a colaboración público-privada e a transferencia de coñecemento cara ao tecido produtivo, incrementar a captación de talento e de financiamento competitivo, favorecer o desenvolvemento de proxectos de I+D+i de excelencia e contribuír á transformación dixital e industrial de Galicia, en consonancia cos obxectivos do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

TERCEIRA. Orzamento

O orzamento total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de trece millóns cento vinte e dous mil novecentos sesenta e seis euros con noventa e tres céntimos (13.122.966,93 €), sendo **o orzamento elixible de 12.504.944,89 € cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 nun 60% de dito gasto.**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional **achegará a cantidade de 7.502.966,93 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.2 denominada "Plan Investimentos do SUG" do total de gastos elixibles (código de proxecto 2026 00148).** Así, a dita aportación realizarase exclusivamente con cargo a fondos do programa Galicia FEDER 2021-2027, o que representa un 60 % gastos elixibles, para o período 2026-2029.

Pola súa banda, a Universidade da Coruña asumirá a execución dos investimentos descritos mediante a achega de fondos propios (con cargo á

aplicación orzamentaria (PLAN DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS (Cofinanciamento): 02.0A.24.09.77 541A 622.00), garantindo así a achega correspondente ao 40 % restante do cofinanciamento do proxecto subvencionable. Este cofinanciamento terá a consideración de investimento público elixible que cofinancia a efectos da execución do programa Galicia FEDER 2021-2027.

A achega de fondos propios da Universidade da Coruña destinada a este cofinanciamento enmárcase, así mesmo, nas actuacións previstas no Plan de Infraestruturas Universitarias. Neste marco, as entregas dinerarias á UDC previstas nos anos 2025 e 2026 contribuirán ao financiamento do 40 % do proxecto do Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente EI3, correspondéndolle á Universidade da Coruña garantir a adecuada coordinación e acompasamento deste cofinanciamento cos fondos europeos FEDER, de conformidade coa normativa europea e coas condicións de xestión, execución, seguimento e xustificación aplicables a estes fondos.

A distribución orzamentaria por anualidades é a seguinte:

	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029	TOTAL
07.02.561B.744.2 FEDER	57.908,07 €	769.706,42 €	2.773.341,81 €	3.902.010,63 €	7.502.966,93 €
Cofinanciamento UDC elixible PLAN DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS (Cofinanciamento UDC): 02.0A.24.09.77 541A 622.00	38.605,38 €	513.137,61 €	1.848.894,54 €	2.601.340,42 €	5.001.977,96 €
TOTAL	96.513,45 €	1.282.844,03 €	4.622.236,36 €	6.503.351,05 €	12.504.944,89 €

No que respecta ao importe de fondo propio restante para completar o orzamento total da obra (618.022,04 €), a distribución por anualidades será a que se acorde na comisión de seguimento dos convenios asinados no Plan de Infraestruturas Universitarias. En todo caso, este importe de fondo propio (618.022,04 €) deberá xustificarse dentro do período de vixencia deste convenio e, en calquera caso, coa última xustificación.

Trátase dun importe certo, e queda por conta da universidade a diferenza de financiamento necesario para a total execución das actividades subvencionadas, debendo ser reintegrado ao financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o importe de adxudicación dos contratos derivados das actuacións previstas neste convenio resulte inferior ao importe inicialmente orzamentado e consignado para esas actuacións, o importe xerado como consecuencia das baixas de adxudicación poderán destinarse ao traslado de laboratorios e traslado de equipamento. No seu caso, e tras finalizar o traslado, poderá valorarse na Comisión de Seguimento a adquisición de equipamento científico ou mobiliario destinado ao edificio EI3.

En todo caso, o destino do orzamento sobrante da baixa de licitación deberá contar coa autorización previa da Comisión de Seguimento e, sempre que resulte necesario para a súa posta en funcionamento e desenvolvemento das actividades previstas, previa comunicación e autorización da Comisión de Seguimento deste convenio, cando así resulte esixible de acordo coa normativa aplicable. Esta comunicación deberá realizarse, como mínimo, con dous meses de antelación respecto da data límite establecida para a xustificación de cada anualidade.

O importe da subvención é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

As actuacións obxecto deste convenio financiaranse pola Unión Europea con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027 e cofinanciaranse pola UDC.

No caso de que derivado do financiamento con fondos da Unión Europea, no marco dun procedemento de comprobación ou control financeiro realizada polos órganos de control financeiro pertinentes, non considerase elixible algunha das partidas de gasto declaradas, esa será financiada exclusivamente con cargo aos fondos propios da UDC.

Os maiores gastos que se deriven da execución dos contratos sobre o orzamento de adxudicación, derivados de modificacións contractuais, revisións de prezos ou liquidacións, corresponderán á UDC.

CUARTA. Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2026.

De acordo co establecido no Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 (DOUE 30.06.2021 L 231), polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados (en diante, RDC) e na normativa que a autoridade de xestión dite ao respecto dos gastos subvencionables Feder 2021-2027, para ser subvencionable o custo de adquisición debe estar xustificado por documentos de valor probatorio equivalente ás facturas.

En particular, consideraranse gastos subvencionables os seguintes conceptos:

a) Estudos e actuacións previas necesarias para a definición, planificación e preparación da actuación.

b) Redacción do proxecto básico e do proxecto de execución.

c) Dirección facultativa da obra, dirección da execución da obra, coordinación de seguridade e saúde e elaboración da documentación final da actuación.

d) Execución material da obra, incluído o módulo de construción (MC) e os custos directamente asociados á súa realización.

e) Actuacións de seguridade e saúde, xestión de residuos de construción e demolición e control de calidade da obra.

f) Gastos xerais e beneficio industrial, de conformidade coa normativa aplicable e cos límites que, se é o caso, resulten establecidos para este tipo de actuacións.

g) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), así como as taxas correspondentes á obtención da licenza urbanística e da primeira ocupación, sempre que teñan carácter non recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria e a súa elixibilidade resulte conforme coa normativa aplicable.

h) Gastos derivados da liquidación da obra.

i) Gastos derivados da elaboración dun informe de valoración do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (DNSH), mediante unha entidade acreditada ENAC. O custo por este concepto non poderá exceder de 2.000 € e deberá ser presentado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da sinatura deste convenio.

K) Gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría da xustificación económica en cada unha das anualidades nas que a axuda estea activa. O custo por este concepto non poderá exceder os 1.200 € por anualidade.

Non se considera subvencionable no marco deste convenio:

- Informe Climate Proofing

En ningún caso serán subvencionables aqueles gastos que non resulten elixibles conforme á normativa reguladora do Programa Galicia FEDER 2021-2027, á normativa da Unión Europea aplicable aos Fondos FEDER, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais disposicións que resulten de aplicación.

En ningún caso o custo subvencionable poderá ser superior ao valor de mercado.

De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, os bens adquiridos con cargo a este convenio deberán ser destinados ao fin para o que foron concedidos durante un período mínimo de cinco anos. No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, isto debe ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente.

De acordo co artigo 65 do Regulamento (UE) 2021/1060 (RDC), deberá reintegrarse a axuda recibida se no prazo de cinco anos desde o pago final á entidade beneficiaria se produce calquera das circunstancias recollidas no parágrafo 1 do citado artigo.

Condicións para realizar adquisicións ou contratacións

A Xunta de Galicia poderá ditar instrucións específicas co fin de aclarar os conceptos subvencionables así como a súa xustificación económica.

A determinación dos gastos subvencionables axustarase así mesmo ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Asemade, ao incorporar financiamento europeo, deberase estar aos conceptos e criterios de gasto elixible que recolla a normativa que resulte de aplicación ao Programa Galicia FEDER 2021-2027.

O IVE non será subvencionable porque non concorren as circunstancias previstas no artigo 29.8 da dita Lei.

Subcontratación

Poderá subcontratarse con terceiros a execución das actuacións necesarias para o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, sempre que esta

posibilidade resulte compatible coa normativa aplicable en materia de contratación do sector público e, no seu caso, co disposto nos pregos reguladores dos procedementos de contratación correspondentes.

A subcontratación deberá cumprir os requisitos, condicións e límites establecidos pola normativa vixente, incluíndo as obrigas relativas á xustificación, transparencia e control da utilización dos fondos públicos. En todo caso, a UDC manterá fronte ás demais partes asinantes a responsabilidade última polo cumprimento das obrigas asumidas no presente convenio e pola correcta execución das actuacións previstas.

Contratación con entidades vinculadas

Co obxecto de garantir os principios de independencia, transparencia, concorrencia e eficiencia na utilización dos recursos públicos, a UDC non poderá contratar a execución das actuacións obxecto do presente convenio con entidades vinculadas á propia Universidade nin con aquelas nas que concorra algunha das circunstancias que determinen a existencia dunha relación de vinculación conforme á normativa aplicable, salvo que a dita contratación estivese expresamente permitida pola lexislación vixente e se cumprisen os requisitos nela establecidos.

QUINTA. Obrigas das partes

Co obxecto de establecer as bases de colaboración entre as partes para a execución desta operación, durante a execución das actuacións acordadas, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a UDC comprométense a realizar cantas accións resulten precisas para a correcta e completa execución das actuacións previstas neste acordo.

A) COMPROMISOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)

a) Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira do presente acordo.

b) De acordo co disposto no artigo 9,4 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de

Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (en diante RDC) as actuacións que se leven a cabo respectaran o principio de "non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente" (principio "do no significant harm" DNSH). En atención ao considerando 10 do citado RDC o principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente debe interpretarse no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ó establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles. Polo tanto, todas as actuacións que se executen dentro do Programa Galicia FEDER 2021-2027 deben cumprir o principio de non causar un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos medioambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversión sostibles:

1 Mitigación do cambio climático.

2 Adaptación ao cambio climático.

3 Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.

4 Transición cara unha economía circular

5 Prevención e control da contaminación

6 Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas

Garantirase o pleno cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (principio "do no significant harm" DNSH) e das condicións relativas ao ámbito de intervención da actuación.

c) En base ao establecido no art. 9.3 do RDC, deberase garantir o cumprimento da normativa comunitaria, estatal e/o autonómica aplicable en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade.

d) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

e) Destinar os fondos percibidos para financiar as actuacións contempladas na cláusula segunda do presente convenio, isto e, executar as actuacións das que é obxecto este convenio e que se desenvolverán no edificio EI3. A tal fin, poderase realizar a contratación a través de calquera tipo contractual válido dos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

f) Realizar os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adxudicación e execución do contrato, así como dos contratos de servizos complementarios correspondentes.

g) Asumir a posición de responsable do contrato.

h) Realizar a supervisión técnica e dirección de obra do proxecto. Así como, asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias que deban ser solicitadas.

i) Realizar o acto de recepción das diferentes intervencións que terá os efectos de entrega destas.

j) Realizar o traslado ao Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente (EI3) do persoal investigador, técnico e de apoio, así como do equipamento científico-técnico e demais infraestruturas vinculadas ao Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e

Enxeñaría Civil (CITENI) que resulten necesarias para o desenvolvemento das actividades de investigación, innovación e transferencia do EI3, garantindo a continuidade e o aproveitamento dos recursos xa existentes no ámbito do CITENI.

k) Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, de acordo co artigo 65.1 do RDC. Do mesmo xeito, deberá cubrir os custos de funcionamento e mantemento da actuación para garantir a súa sostibilidade financeira, en aplicación do estipulado no artigo 73.2.d) do RDC.

l) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro deste convenio.

m) Dado que o proxecto inclúe infraestruturas de duración superior a cinco anos, deberá cumprirse o requisito exixido no artigo 73.2.j) do RDC, de garantir a protección fronte ao cambio climático dos investimentos en ditas infraestruturas. Para elo, deberase realizar a análise de protección fronte ao cambio climático da infraestrutura obxecto da operación, baseándose na "*Guía de apoio para a implementación da proba climática de infraestruturas de Galicia*" desenvolta pola Xunta de Galicia e dispoñible no enderezo electrónico: https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2021-2027/proteccion-de-infraestruturas-fronte-ao-cambio-climatico.

   A tal fin, con carácter previo a realización de execución material da actuación, deberase proceder a implementación da proba climática co fin de determinar calquera mellora que deba formar parte do proxecto de obra correspondente a esta actuación.

n) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de

avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos pola entidade beneficiaria. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda *(expost*), a beneficiaria deberá proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluirán indicadores xerais e específicos de I+D+i. De non facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación será causa de reintegro de ata o 1 % da subvención concedida.

o) De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a universidade asinante comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e do sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

p) Deixar constancia expresa do financiamento da Xunta de Galicia, tanto na sinalética da propia obra como na publicidade e informacións que se deriven das mesmas, en todas as intervencións que se inclúen no Plan de Infraestruturas Universitarias.

q) Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen pola Xunta de Galicia e, en particular, pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e xa que o proxecto está cofinanciado con fondos da Unión Europea, as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Auditoría, e, se

é o caso, polos órganos de Control da Comisión Europea, da Oficina de Loita Contra o Fraude (OLAF), da Fiscalía Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

r) Conservar a documentación administrativa relacionada coas actuacións obxecto do presente convenio que, dada a súa natureza, lle corresponda custodiar, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión efectúe o último pago ao beneficiario, tal e como se establece no artigo 82 do RDC.

s) En relación coas obrigas en materia de visibilidade, transparencia e comunicación reguladas nos artigos 47 e 50 do RDC, deberase cumprir co establecido no anexo I deste convenio.

t) Achegar os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser esixidos pola Xunta de Galicia.

u) En relación coas medidas de loita contra a fraude, resúltalle de aplicación o vixente "Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia" e deberá someterse ás actuacións de control e análise de riscos que poida efectuar a Autoridade de Xestión do Programa Galicia FEDER 2021-2027 ou as unidades competentes do Organismo Intermedio, aceptando a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión tendo en contra os riscos detectados, tendo en conta o disposto no artigo 74.c) do RDC, proporcionando información para a detección de posibles "bandeiras vermellas", así como mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do presente procedemento de contratación poderá poñer devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito Servizo na dirección web:

https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx.

Así mesmo, para os efectos de facilitar a remisión ás autoridades competentes de calquera información relevante á loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://siacipublico.xunta.gal/siaci_publico).

v) Subministrar á Xunta de Galicia, cando se lle requira, a información necesaria para o rexistro, na aplicación implantada para a xestión de Fondos Europeos 2021-2027, dos datos relativos ás actuacións realizadas. A tal fin, nos pregos de contratación, para o suposto de procedementos de contratación suxeitos a regulación harmonizada, deberase recoller a obriga da entidade contratista de facilitar a información sobre a titularidade real da mesma, no caso de que, solicitada esta información ao Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR), non estivese dispoñible.

w) Cumprir en todo momento coas obrigas derivadas da específica natureza dos fondos europeos que financian as actuacións previstas neste acordo, facilitando no seu caso ao beneficiario da operación, a documentación necesaria que garanta o cumprimento das obrigas derivadas da normativa reguladora do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e concretamente as do programa Galicia FEDER 2021-2027.

x) Calquera outra competencia que lle corresponda en virtude da normativa de aplicación

B) COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, a través da SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES.

a) Aplicar os fondos FEDER asignados dentro da súa senda financeira para financiar, nas anualidades 2026, 2027, 2028 e 2029, o proxecto obxecto deste convenio nunha contía do 60% do importe do

orzamento total do proxecto elixible, que ascende a 12.504.944,89 € euros.

b) Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria para a súa execución.

c) Actuar como beneficiario a efectos do Programa Galicia Feder 2021-2027 perante o Organismo Intermedio e entidades e órganos que participan no desenvolvemento e control do Programa.

d) Cumprir en todo momento coas obrigas derivadas da específica natureza dos fondos europeos que financian as actuacións previstas neste acordo.

e) Colaborar coa Universidade da Coruña (UDC) mediante o asesoramento e supervisión técnica do proxecto, coa emisión daqueles informes que resulten precisos para a execución das actuacións previstas neste acordo.

f) Garantir o cumprimento das condicións recollidas no Documento polo que establece as Condicións da Axuda (DECA) que será emitido pola Dirección Xeral do Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE), como beneficiario da operación, estando facultado para requerirlle a UDC calquera documentación que permita dita acreditación, en cumprimento das obrigas derivadas da normativa reguladora do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e concretamente as do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

g) O beneficiario deberá introducir os datos e documentos dos que sexa responsable, así como todas as súas actualizacións, na aplicación Fondos 2127 en cumprimento do artigo 69 do Regulamento (UE) 2021/1060 (RDC).

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a Universidade non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SEXTA. Xustificación e pagamento da subvención

Con respecto á xustificación e posterior pagamento das anualidades previstas neste convenio, a UDC deberá **achegar con data límite do 15 de novembro de cada anualidade** a seguinte documentación coa denominación especificada nesta cláusula a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (http://sede.xunta.gal) e enviar xustificante de presentación en sede na mesma data límite ao email sxu@edu.xunta.gal (no caso de existir varios documentos asociados a cada un dos seguintes apartados, utilizarase a numeración de segundo nivel. Exemplo: Doc. 4.1, Doc. 4.2,...):

- Doc1: Certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

-Doc2: Conta xustificativa en pdf pola totalidade do gasto (FEDER e cofinanciamento) e asinada polo órgano de control que deberá incluír cando menos os campos indicados no anexo II deste documento

-Doc3 Conta xustificativa en folla de cálculo con exacta correspondencia co Doc.2.

-Doc4: Solicitude de libramento do 60 % correspondente á parte FEDER da conta xustificativa (documento 2).

-Doc5: Certificacións de obra emitidas pola dirección facultativa e aprobadas polo órgano competente asinadas polo órgano de control.

-Doc6: Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, pagamentos cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados.

-Doc7: Memoria de actuación xustificativa e económica do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá detallar:

- A correspondencia cos gastos imputados na conta xustificativa.

- As actuacións descritas neste convenio.
- Procedementos de contratación, períodos de realización e pagamentos dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante.

- Doc8: Documentación técnica, administrativa e contable necesaria para garantir unha adecuada pista de auditoría e o cumprimento das obrigas derivadas da normativa aplicable aos fondos europeos FEDER, incluídas, se é o caso ou senón xustificación da non aplicabilidade na anualidade correspondente de:
  - Actas de replanteo.
  - Contrato/s.
  - Recepción ou posta en servizo (necesario para o pago da última anualidade).
  - Documentación fotográfica relativa ás medidas de publicidade e comunicación e calquera outra documentación que poida ser requirida polos órganos de control autonómicos, estatais ou europeos.

En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.

- Doc9: Informe de auditor/a inscrito/a como exercente no Rexistro oficial de Auditores/as de Contas, que deberá manifestarse sobre os conceptos, período de realización e pagamento dos gastos presentados nesa anualidade. O informe de auditoría axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos/das auditores/as de contas na realización dos traballos de revisión das contas xustificativas de subvencións.

- Doc10: Certificación expedida pola persoa responsable do control de legalidade da Universidade, na que se faga constar que se respectou o procedemento de contratación pública conforme a Lei 9/2017 de contratos do sector público.

-Doc11:–Declaración da Universidade do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de dita lei.

-Doc12: Xustificación, a través de declaración da Universidade, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Doc13: Informe de valoración do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (DNSH), mediante unha entidade acreditada ENAC. No caso de non presentar este informe, revogarase a axuda concedida. Este informe deberá ser presentado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da sinatura deste convenio.

- Doc14: Para cada unha das actividades subcontratadas, declaración responsable da entidade subcontratada sobre o cumprimento do principio DNSH, segundo formato do anexo III.

- Doc15: Informe Climate Proofing. Este informe deberá ser presentado no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da sinatura deste convenio.

- Doc16: Declaracións responsables de ausencia de conflitos de intereses de todas as persoas participantes no proceso de contratación.

- Doc17: No caso da última anualidade, acta de recepción das actuacións obxecto deste convenio tras o cumprimento dos trámites contractuais de

acordo co réxime xurídico previsto para este acto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

- Doc18: Certificación asinada polo órgano de control da UDC respecto a porcentaxe de execución da obra e aliñamento ou desviación con respecto ao contrato. Xustificación da desviación, no seu caso.

- Doc19: Folla de cálculo destinada ao rexistro e seguimento detallado dos gastos do proxecto, que permita garantir a súa completa trazabilidade e a correcta identificación das facturas e certificacións de obra, cos importes imputados ao financiamento FEDER (60 %) e ao correspondente cofinanciamento (40 %).

- Doc20: Apuntes contables da UDC que permitan o cotexo coa folla de cálculo Doc. 3 e na que se identifique de forma indubidable os importes imputados ao financiamento FEDER (60 %) e ao correspondente cofinanciamento (40 %).

Os pagamentos realizados entre a data límite de xustificación e o 31 de decembro das anualidades de 2026, 2027 e 2028 poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte, ante a imposibilidade de presentalos na anualidade correspondente por estar rematado o período de xustificación. No caso da última anualidade 2029, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación de todos os gastos deberá axustarse á data límite do 15 de novembro de 2029.

En todo caso, de conformidade co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá permitirse a verificación do cumprimento das estipulacións contidas no presente convenio dentro do exercicio orzamentario correspondente por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Este pagamento está exento da constitución de garantía por parte da universidade de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 54 da Lei 4/2024, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da

Comunidade Autónoma para ano 2026.

A falta de presentación da xustificación no prazo estipulado neste convenio comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Considerase gasto realizado aquel que efectivamente se pagase con anterioridade a finalización do prazo de xustificación.

Pagamentos a conta

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Este/s pagamento/s adicionais deberán cumprir dúas condicións:

- Deberá presentarse a documentación xustificativa ata o 30 de setembro (incluído).

- Conforme o artigo 62.2 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe conxunto dos pagamentos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados a conta nin excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

- Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Para proceder ao seu pagamento a UDC deberá enviar a documentación xustificativa prevista nesta cláusula.

A realización de pagos a conta quedará condicionada ao cumprimento, pola parte beneficiaria, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A realización de pagamentos a conta está exenta da constitución de garantías por parte da Universidade, de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 54 da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

SÉTIMA. Responsabilidade

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá exixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

OITAVA. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, crearase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Unha persoa representante da Consellería de Facenda e Administración Pública. Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico

- Unha persoa representante da Consellería de Facenda e Administración Pública. Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos

- Dúas persoas da Secretaría Xeral de Universidades, das que unha actuará como presidente/a.

- Dúas persoas en representación da Universidade.

Esta comisión terá, entre outras, as seguintes funcións:

- coordinación, supervisión, seguimento e control das actividades necesarias para a execución deste convenio, así como garantir unha solución ás incidencias de natureza técnica que poidan xurdir;

- adoptar decisións relativas ao desenvolvemento do presente convenio;

- resolver as dúbidas que podan xurdir sobre a interpretación deste documento;

- valorar o axeitado ritmo de execución das actuacións previstas e propoñer o reaxuste das cantidades previstas, coa finalidade de adecuar o financiamento ao ritmo de execución das actuacións que constitúen o obxecto deste acordo.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA. Modificación e causas de resolución

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade

financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

O presente convenio resolverase:

a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.

b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

a) O incumprimento da obrigación de adoptar as medidas de difusión contidas no anexo 1.

b) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas.

c) O incumprimento dos prazos de mantemento do investimento.

d) A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.

Gradación dos incumprimentos:

1º. O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao

cobramento ou de reintegro total da subvención.

2º. O incumprimento parcial dos obxectivos ou a non execución de actividades concretas do proxecto dará lugar á perda parcial do dereito ao cobramento da subvención en proporción ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente, e minorarase a subvención proporcionalmente.

Procederá o reintegro parcial nos seguintes casos:

a) No período de mantemento dos investimentos establecido no convenio, procederá a incoación dun procedemento de reintegro no caso de non cumprir as obrigas de publicidade FEDER do financiamento do proxecto (placa permanente, páxina web,...) durante o período de mantemento do investimento, que suporá o reintegro dun 3% da subvención concedida.

b) No caso do incumprimento da obriga de manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado, en relación con todas as transaccións relativas aos gastos subvencionables que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co FEDER, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, suporá o reintegro dun 2% da subvención concedida.

Calquera modificación no contido deste convenio, tramitarase a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, as modificacións do presente convenio que, de conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, ou no precepto que resulte equivalente na normativa orzamentaria que sexa de aplicación en cada exercicio, non supoñan unha alteración do seu obxecto, nin comporten un incremento do importe total das obrigas de contido económico asumidas pola Administración autonómica, nin do número de exercicios orzamentarios aos que se imputan estas obrigas, poderán aprobarse sen necesidade de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, sempre que a distribución do importe correspondente a cada exercicio respecte os límites establecidos no artigo 58.3 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, a Universidade da Coruña deberá presentar a solicitude de modificación do convenio como data límite o 30 de setembro de cada anualidade, incluído este día, co fin de posibilitar a súa tramitación dentro do correspondente exercicio orzamentario.

DÉCIMA. Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2029, sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMO PRIMEIRA. Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión...

Non é necesario promover a concorrencia competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 28 de outubro de 2022, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como

instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante, a Universidade deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar deste extremo á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMO SEGUNDA. Publicidade e rexistro de convenios

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Universidade consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a beneficiaria no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as

disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 2016/679 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

Non se requirirá consentimento das partes intervintes para a cesión de datos de carácter persoal, no caso de cesión dos mesmos á Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, control, coordinación, comunicación e avaliación do Programa Galicia FEDER 2021-2027, na súa condición de Organismo Intermedio, en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión segundo o disposto nos artigos 72.1,letra e), 73, 74 e 82 e nos Anexos XIV y XVII do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento.

DÉCIMO CUARTA. Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sen prexuízo do anterior, as partes comprométense á resolución amigable das discrepancias que puideran xurdir respecto da interpretación, modificación,

resolución e cumprimento do presente convenio, que serán resoltas pola comisión de seguimento.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente na data indicada na marxe.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Ricardo José Cao Abad
Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

ANEXO I. OBRIGAS EN MATERIA DE VISIBILIDADE, TRANSPARENCIA E COMUNICACIÓN DO RDC

En relación coas obrigas en materia de visibilidade, transparencia e comunicación reguladas nos artigos 47 e 50 do RDC, deberase cumprir co establecido no anexo IX do RDC, no documento: "El uso del emblema europeo en el contexto de los programas de la UE 2021-2027" (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf) publicado pola Unión Europea e na Guía de Comunicación elaborada polo Organismo Intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios á presente actuación e para elo:

- Exhibirá, nun lugar destacado de todos os documentos, actividades e materiais de comunicación relacionados coa actuación, o emblema europeo en combinación cunha declaración sinxela en relación co cofinanciamento, que mencione o apoio recibido da UE ("Cofinanciado pola Unión Europea") e o logotipo de Fondos Europeos. Esta obrigación resulta de aplicación para todas as actividades de comunicación relacionadas coa actuación, incluídas as referentes aos medios de comunicación, conferencias, seminarios e material informativo (como folletos, carteis, presentacións etc.) en formato electrónico, a través de medios de comunicación tradicionais ou das redes sociais; resulta tamén aplicable para calquera infraestrutura, equipo, vehículo, subministración ou resultado importante cofinanciado na contorna da actuación.

O emblema europeo listo para o seu uso, incluída a declaración de cofinanciamento, pode descargarse desde o portal web dos fondos europeos da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos: ***https://fondoseuropeos.xunta.gal/documents/d/fondos-europeos/logos_web***"

- Ademais, daráselle publicidade ás axudas recibidas nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución da actuación, incluída a subcontratación, e en axudas, publicacións, relatorios, equipamentos, material inventariable e actividades de difusión de resultados financiadas con elas, mencionando expresamente a súa orixe e o cofinanciamento con fondos estruturais da Unión Europea.

O adxudicatario estará obrigado, tan pronto como comece o contrato e durante toda a súa execución, a colocar un cartel temporal de tamaño significativo ou valo publicitario resistente, nun lugar ben visible para o público, no que figuren os emblemas e logotipos mencionados no apartado anterior, cumprindo as directrices que estableza a persoa responsable do contrato.

Previamente á finalización do contrato, e sempre con anterioridade a que teña lugar a retirada do cartel ou valo mencionada no punto anterior, colocarase un cartel ou placa permanente de tamaño significativo, nun lugar ben visible para o público, conforme ás directrices que estableza a persoa responsable do contrato.

- Deberá facilitar á Comisión de Seguimento, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación.

- Ao tratarse de unha operación no que o custe total e superior a 10.000.000 Euros, o beneficiario deberá organizar unha actividade ou acto de comunicación, segundo conveña, no que fará participar á Comisión, a Autoridade de Xestión e ao Organismo Intermedio do Programa Galicia FEDER 2021-2027 responsable cando lle sexa requirido e seguindo as indicacións facilitadas polos órganos competentes da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE).

Este material deberá ser posto ao dispor do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

ANEXO II MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA

LISTAXE DE GASTOS (Anualidade XXXX)												
Nº	REFERENCIA	PROVEEDOR	CONCEPTO	IMPORTE FEDER SEN IVE (Imputado a este convenio)	IMPORTE COFINANCIAMENTO UDC SEN IVE	IMPORTE TOTAL (FEDER + Cof) – Sen IVE	IMPORTE TOTAL CON IVE (FEDER + Cof)	DATA FACTURA	DATA PAGO	COPIA DA FACTURA/TICKET	COPIA DO XUSTIFICANTE DE PAGO	OBSERVACIÓNS
1												
2												
3												
4												
5												
6												
7												
8												
9												
10												
11												
12												
13												
14												
15												
16												
17												
18												
19												
20												
21												
22												
23												
24												
25												
TOTAL				0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €					

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE NON CAUSAR PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AO MEDIO AMBIENTE (PRINCIPIO "DO NO SIGNIFICANT HARM" – DNSH)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA INDUSTRIA INTELIXENTE EI3 NO PERÍODO 2026-2029, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA CON CARGO AO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE:	
UNIVERSIDADE/ENTIDADE	NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse A representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que no marco do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA INDUSTRIA INTELIXENTE EI3 NO PERÍODO 2026-2029, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NUN 60% DO GASTO ELIXIBLE NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027**. *Encadrada no:*

Obxectivo político: 1. *Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade TIC rexional*
Obxectivo específico: 1.1. *O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas*

Actuación O 1.1.01. Mellora das capacidades dos centros de I+D+i

E co obxecto de garantir o cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (principio "do no significant harm" – DNSH), cumprirá as seguintes condicións:

a) As actividades obxecto de subvención non ocasionarán un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088:

- *Mitigación do cambio climático.*
- *Adaptación ao cambio climático.*
- *Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.*
- *Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.*
- *Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o chan.*
- *Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.*

b) As actividades obxecto de subvención cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación, entre as que se atopa a obriga de elaborar un plan de xestión de residuos segundo se regula no RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
c) As actividades que se desenvolverán non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.
d) Cumprirá todo o indicado nas bases reguladoras da convocatoria da subvención relativo á aplicación do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias e a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europa na súa condición de Organismo Intermedios dos programas en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión dos programas segundo o establecido no Regulamento UE 2021/1060 do 24/06/2021. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública será tamén a destinataria dos datos e non se requlrirá consentimento da UDC para a cesión de datos á terceiros.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou

	retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE						
Lugar e data						
	,		de		de	